



PRÉSTAMO AO CONCELLO CON CARGO AO FOMIT

O BNG pide a priorización dos obxectivos e crear unha Comisión de Seguimento do Proxecto “Luz Salgada”

Agora toca decidir sobre a oportunidade de investimento municipal que representa a resolución do Secretario de Estado de Turismo e Comercio pola que se autorizou a concesión dun préstamo ao Concello de Vilagarcía con cargo ao Fondo Financeiro para a Modernización das Infraestruturas Turística, chamado “FOMIT”, por 5.995.427,32 Euros.

Indiscutiblemente, a toma de acordo debe realizarse sobre aspectos que son favorables e outros que non. Entre estes últimos deben considerarse a importante limitación financeira que vai representar para o Concello, situando o endebedamento **por riba do 110%** que como tope máximo fixa a lei de Facendas Locais (precisarase autorización expresa da Comunidade Autónoma para realizar a operación); así, como tamén, a concentración do investimento nunha limitada área territorial, con perigo de esquecemento dos outros moitos lugares de Vilagarcía que tamén precisan de actuación; a carencia dun debate previo que permita coñecer a opinión dos axentes económicos e sociais; e aínda máis consideracións que forman parte do discurso político.

Aínda, así, para o BNG a operación proposta representa unha oportunidade que non pode deixar de aproveitarse, precisamente para dinamizar un entorno territorial que é froito dunha política urbanística e de modelo de cidade que provoca un efecto de sobrecarga en moi pequenos espazos de grande concentración de poboación, colapso do sistema viario de circulación e aparcamento de automóbiles; insuficiencia dos sistemas de saneamento e outras redes básicas para a poboación; e, tamén, unha degradación do espazo verde e outras consideracións máis.

Resultando, ademais, que non existe proxecto concreto senón unha idea limitado ao rótulo “Luz Salgada”; e, consecuentemente, todo o demais por decidir e facer; o grupo do BNG pide priorizar os obxectivos, vencellando outras actuacións en curso ou comprometidas:

- ✓ Conformación dun boulevard que posibilite dotar dun “pulmón verde” ao seu entorno residencial, creando un corredor peonil dende a Fonte da Coca ao entorno da Praza de Abastos; con intervención no último tramo do Río, uniformizando flora e fauna, e dotándoo dunha lámina de auga permanente que reduza o “fenómeno cemento” para humanizar a zona.
- ✓ Actuación na rúas Rodrigo de Mendoza e Dr. Tourón, para aliviar a sobrecarga de tráfico que frecuentemente colapsa esta zona.
- ✓ Plano de saneamento integral da conca do Río Con, integrando no proxecto a intervención sobre os seus afluentes e resolvendo problemas estruturais (Regato polo interior de edificios, Verquidos incontrolados..).
- ✓ Proposta para fomentar, nesta zona, usos relacionados co lecer, co turismo e co comercio; con especial atención á posta en valor do patrimonio monumental e histórico.
- ✓ Fixación dun plano de desenvolvemento urbanístico para esta zona, integrando nel actuación pública e privada, con proxección de futuro que permitan harmonizar este espazo e tamén os seus espazos colindantes (A Xunqueira, A Lomba, A Laxe, San Roque, Vista Alegre,...).

Considerando, por outra parte, que é necesario situar ao Proxecto “Luz Salgada” nun marco institucional de consenso, con pretensión de grande respaldo social e político, para o BNG resulta necesario:

- ✓ Crear unha **Comisión de Seguimento** do Proxecto “Luz Salgada”, integrada por representantes do tódolos grupos da Corporación
- ✓ Convocar ao Consello Económico e Social para coñecer o seu parecer a respecto do Proxecto.